

### 7.2. Cualificación.

#### 7.2.1. Cualificación por avaliacións.

En cada avaliación faranse dous exames parciais, que se puntuarán sobre dez puntos, así como probas curtas, preguntas orais, tarefas e actividades, que se puntuarán cada unha delas sobre un punto. Chámanse *notas de clase* as notas obtidas nas probas curtas, preguntas orais, tarefas e actividades propostas realizadas na avaliación.

Os exames parciais teñen un peso do sesenta por cento na nota de avaliación, e as notas de clase un peso do corenta por cento.

Como consecuencia do dito anteriormente, a cualificación de cada alumno/a **en cada avaliación** obterase redondeando ao enteiro mais próximo **o resultado se sumar a nota media dos exames parciais multiplicada por cero coma seis coa nota media das notas de clase multiplicada por catro.**

- **Se a nota de avaliación así obtida é cinco ou maior que cinco**, o alumno/a aprobará a avaliación.
- En caso contrario, **o alumno/a fará un exame de recuperación de cada exame parcial con nota inferior a cinco**. Se a nota obtida no exame de recuperación é menor que a xa existente, manterase esta para o cálculo da cualificación final ( non se terá en conta a nota de recuperación).
- Se ambos exames parciais teñen nota maior que cinco, pero inda así a nota de avaliación resultante é menor ca cinco, pola ponderación coas notas de clase, o alumno/a recuperará presentándose a subir nota no parcial coa nota menor, tendo opción a presentarse aos dous parciais para subir nota. De novo se a nota obtida na recuperación é menor que a xa existente, manterase esta para o cálculo da cualificación final ( non se terá en conta a nota de recuperación).

#### 7.2.2. Cualificación final.

A **cualificación final** <sup>(1)</sup> de cada alumno/a obtense facendo a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións e redondeándoa ao enteiro máis próximo, e o alumno/a aprobará o curso se é maior ou igual ca cinco.

- a) **No caso en que a cualificación final sexa menor que cinco** o alumno/a fará **unha proba escrita de recuperación de toda a materia de cada avaliación na que tivera nota menor que cinco**. Esta proba estará **cualificada cun máximo de dez puntos**, e realizarase no prazo entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. **A nota de recuperación de cada avaliación será entón a nota obtida no exame de recuperación**, redondeada ao enteiro mais próximo.

Cando unha avaliación deba ser recuperada, para facer o cálculo da nota media (1) tomarase a nota máxima entre a nota que se tiña na avaliación e a nota obtida no exame de recuperación.

b) **Un alumno/a que teña nota de avaliación final maior ou igual que cinco**, poderá subir nota elixindo unha das seguintes opcións:

- 1º. Facer a **proba escrita das actividades de ampliación** realizadas no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final. Esta proba estará puntuada sobre un punto, de modo que á cualificación final se lle sumaría ata un punto.
- 2º. **Subir nota por avaliacións**. Para iso o alumno/a debe presentarse ao exame de recuperación de cada unha das avaliacións nas que desexe subir nota: e se a nota obtida no exame de recuperación é maior que a que se tiña nesa avaliación substituiraa no cálculo da media para a obtención da cualificación final, en caso contrario non se terá en conta.

### 7.2.3. Matemáticas Recreativas.

#### 7.2.3.1. Cualificación por avaliacións.

No caso da materia Matemáticas Recreativas, en cada avaliación avaliaranse sobre dez puntos as producións do alumnado, e a nota da avaliación obterase facendo a media das notas obtidas en cada unha das producións, e redondeándoa ao enteiro máis próximo.

Para recuperar unha tarefa ao alumno/a entregaráselle unha nova tarefa, de características similares, que deberá entregar en forma e prazo, nun novo prazo establecido polo profesor ou profesora.

#### 7.2.3.2. Cualificación final.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións redondeada ao enteiro máis próximo e o alumno/a aprobará o curso se é maior ou igual ca cinco.

a) **No caso en que sexa menor que cinco** o alumno/a entregará de novo as tarefas **nas que tivera nota menor que cinco**, no prazo entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Serán esas notas as que se terán en conta para facer de novo a media.

b) **Un alumno/a que teña nota de avaliación final maior ou igual que cinco, terá opción de subir nota elixindo unha das seguintes opcións:**

- 1º. **facendo entrega das actividades de ampliación** realizadas no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final. **Estas actividades serán cualificadas ata un máximo de 1 punto**, e farase a media das tarefas entregadas. A nota que se engadirá á nota de avaliación será esta media, de modo que se poderá subir ata un punto.

- 2º. **Subir nota por avaliacións.** Para subir nota nunha avaliación o alumno/a deberá volver a entregar as tarefas da avaliación nas que non tivera nota máxima dez puntos; se a nota obtida é maior que a existente, substituiráa no cálculo da nota da avaliación e da nota final; en caso contrario non se terá en conta.

## 9.2. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para o alumnado de 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO con matemáticas pendentes de cursos anteriores, realizarase un exame escrito de toda a materia no mes de febreiro e a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo. No caso de ser cinco ou superior a cinco, considérase que a materia está aprobada.

No caso de que a nota sexa inferior a cinco, farase un exame de toda a materia no mes de abril, onde de novo a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo, e no caso de ser cinco ou superior a cinco se considerará que a materia está aprobada.

O alumnado que despois da terceira avaliación teña a materia sen recuperar, terá un exame de toda a materia nos días comprendidos entre a terceira avaliación e a avaliación final, onde de novo a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo, e no caso de ser cinco ou superior a cinco se considerará que a materia está aprobada.

As datas dos exames das materias pendentes serán comunicadas coa suficiente antelación, e cada profesor/a recordarallo ao alumnado con materias pendentes da súa clase.

Cada profesor/a é o responsable do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores que teña na súa clase, proporcionando tanto material repaso como axuda e apoio para a preparación das probas.

## 9.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría).

a) **O alumnado que deba recuperar unha ou mais avaliacións** realizará exercicios/actividades similares ás feitas nos exames parciais da/s avaliación/s suspensas. No caso da materia de Matemáticas Recreativas, farán as tarefas nas que tiveran nota menor que cinco.

b) **O alumnado coa materia aprobada** terá dúas opcións:

- 1º. **realizar exercicios/actividades de ampliación dos contidos vistos en cada avaliación;** será o profesor/a do curso/grupo o que deseñe os exercicios/actividades, en virtude da parte da materia da que considere que sexa máis oportuno realizar actividades de ampliación, unha vez rematada a terceira avaliación. Eses exercicios/actividades de ampliación serán similares aos que se examinarán na proba puntuada sobre un punto que realizará dito alumnado. No caso da materia de Matemáticas Recreativas, serán eses exercicios/actividades os que se cualificarán.

2º. **Facer como en a)** os exercicios/actividades similares ás feitas nos exames parciais da/s avaliación/s nas que queiran subir nota. No caso da materia de Matemáticas Recreativas, farán as tarefas que queiran entregar para subir nota.